

PAPIRUS E OS SETE TRASNIÑOS
VI CONCURSO DE TRABALLOS POR
PROXECTOS
MODALIDADE 2
CEIP PLURILINGÜE A PEDRA BUEU



MEMORIA DO PROXECTO “Papyrus e os sete trasníños”

a) **Introdución**

O proxecto de investigación “Papyrus e os sete trasníños” foi elaborado polas mestras e alumnado de 5º nivel de educación infantil do CEIP P. A Pedra de Bueu, encadrado no PDI “Os dereitos humanos” realizado durante este curso escolar por todo o centro a proposta da Biblioteca Escolar.

O noso proxecto “Papyrus e os sete trasníños” nace ante a necesidade de presentar ao noso alumnado un tema tan abstracto e inmaterial como son os dereitos humanos. O obxectivo fundamental que guiou a nosa acción foi: Achegarse ao coñecemento dos dereitos humanos vivenciando a súa importancia e presenza nas nosas vidas.

O calendario para as tarefas previstas abarcou o segundo trimestre do curso 2018-2019 entre o 8 de xaneiro e o 12 de abril.

Participou no proxecto todo o alumnado de 5º de educación infantil A e B (50 nenas e nenos) e por parte do profesorado as dúas mestras titoras así coma a mestra de apoio a educación Infantil.

A organización para a realización do proxecto foi un proceso de planificación aberto onde en gran grupo fomos organizando os tempos, os materiais e os agrupamentos en función das tarefas que foron xurdindo durante a realización do mesmo.

Presentamos a seguir, os contidos, criterios e avaliación, indicadores específicos e competencias clave que foron traballados de xeito específico no desenvolvemento do proxecto, todos eles están recollidos no Currículo de Segundo Ciclo de educación Infantil.

ÁREA COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL			
Contidos	Criterios de avaliación	Indicadores específicos	Competencias básicas
BLOQUE 1. O CORPO E A PROPIA IMAXE			
<ul style="list-style-type: none"> • Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Non mostra actitudes discriminatorias ante as diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Autonomía e iniciativa persoal ▪ Social e cidadá ▪ Para aprender a aprender
BLOQUE 3. A ACTIVIDADE COTIÁ			
<ul style="list-style-type: none"> • Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Defende os seus dereitos ante o grupo. • Planifica e coordina a súa acción coa dos compañeiros e compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comunicación lingüística ▪ Autonomía e iniciativa persoal ▪ Social e cidadá ▪ Para aprender a aprender

ÁREA COÑECEMENTO DO CONTORNO

Contidos	Criterios de avaliación	Indicadores específicos	Competencias básicas
BLOQUE 1 MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA			
<ul style="list-style-type: none"> Interese pola clasificación de obxectos e de materiais e aproximación á cuantificación de coleccións. 	<ul style="list-style-type: none"> Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións, segundo distintos criterios. 	<ul style="list-style-type: none"> Clasifica os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo. Agrupar os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo. 	<ul style="list-style-type: none"> En comunicación lingüística No coñecemento e interacción co mundo físico Matemática Para aprender a aprender Autonomía e iniciativa persoal
<ul style="list-style-type: none"> Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá: localizar un dato numérico, facer unha repartición, realizar unha estimación... 	<ul style="list-style-type: none"> Propoñer e resolver problemas sinxelos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolve situacións problemáticas realizando estimacións. 	<ul style="list-style-type: none"> No coñecemento e interacción co mundo físico Matemática Para aprender a aprender Autonomía e iniciativa persoal
BLOQUE 3 CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE			
<ul style="list-style-type: none"> Achegamento ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece distintos oficios e reconece o seu valor na sociedade Valora os diferentes servizos sociais e comunitarios do seu contorno (mercado, atención sanitaria, medios de transporte...). Ten superados os estereotipos sexistas referidos a persoas usuarias dalgún servizo comunitario e dos profesionais que alí desenvolven os seu traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Autonomía e iniciativa persoal Social e cidadá Para aprender a aprender

ÁREA LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Contidos	Criterios de avaliación	Indicadores específicos	Competencias básicas
BLOQUE 3 APROXIMACIÓN Á LINGUA ESCRITA ACHEGAMENTO Á LITERATURA			
<ul style="list-style-type: none"> • Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles. 	<ul style="list-style-type: none"> • Producir diferentes textos individualmente ou en grupo –con escritura convencional ou non–, iniciándose no uso do teclado para a codificación, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, entretemento... 	<ul style="list-style-type: none"> • É respectuoso e acepta as escrituras das compañeiras e compañeiros que escriben cunha hipótese menos evolucionada. • Reproduce, tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita, textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ En comunicación lingüística ▪ Social e cidadá ▪ Para aprender a aprender ▪ Autonomía e iniciativa persoal
<ul style="list-style-type: none"> • Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias, iniciándose nos faladoiros literarios. 	<ul style="list-style-type: none"> • Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas... 	<ul style="list-style-type: none"> • Comparte coas compañeiras e compañeiros interpretacións, sensacións, emocións e opinións tras a escoita de textos literarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ En comunicación lingüística ▪ Social e cidadá ▪ Para aprender a aprender ▪ Autonomía e iniciativa persoal
<ul style="list-style-type: none"> • Introducción ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo e de entretemento 	<ul style="list-style-type: none"> • Fai uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ En comunicación lingüística ▪ Social e cidadá ▪ Para aprender a aprender ▪ Autonomía e iniciativa persoal

ÁREA LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Contidos	Criterios de avaliación	Indicadores específicos	Competencias básicas
BLOQUE 3 LINGUAXES ARTÍSTICAS: PLÁSTICA MUSICAL E CORPORAL			
<ul style="list-style-type: none"> • Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical. • Vivencia do son e do silencio. 	<ul style="list-style-type: none"> • Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais 	<ul style="list-style-type: none"> • Valora e respecta as producións dos compañeiros e compañeiras. • Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos soportes (pantalla do ordenador, mesa de area, • É quen de expresar a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que lle producen as obras plásticas. • Explora as posibilidades sonoras da voz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ En comunicación lingüística ▪ Social e cidadá ▪ Para aprender a aprender ▪ Autonomía e iniciativa persoal
BLOQUE 4 LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN			
<ul style="list-style-type: none"> • Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación. • Achegamento a producións audiovisuais como películas, series de animación ou videoxogos. • Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación 	<ul style="list-style-type: none"> • Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC. • Fai uso das tecnoloxías da información e da comunicación, na procura de información para o desenvolvemento de proxectos na aula. • Utiliza, na medida das súas posibilidades, as ferramentas tecnolóxicas como medios de expresión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ En comunicación lingüística ▪ Tratamento da información e c. dixital ▪ Social e cidadá ▪ Para aprender a aprender ▪ Autonomía e iniciativa persoal

b) Obxecto ou temática de investigación propostos

A temática de investigación proposta foi “Os dereitos humanos” tema proposto polo equipo de biblioteca do noso centro para este curso escolar.

c) Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta

O deseño e elaboración da proposta xurdiu ante a dificultade que as mestras titoras atopábamos para achegar a no noso alumnado aos dereitos humanos, a temática proposta presentaba dificultades de comprensión para o noso alumnado por tratarse de conceptos dun alto nivel de abstracción, polo que decidimos abarcalo como proxecto de investigación coa finalidade de que foran os nenos e nenas os que elaboraran os seus propios conceptos sobre os distintos dereitos humanos e os formularan dun xeito significativo dende a súa propia realidade, a través de personaxes conocidos coma o polbo Papyrus, mascota da nosa biblioteca escolar, ou os trasniños; personaxes que dan nome ás nosas aulas.

d) Documentación elaborada para profesorado e alumnado

O traballo realizado durante todo o proceso de investigación foi recollido nos seguintes materiais:

Curtametraxe de animación, resultante da historia creada mediante a adaptación dun conto clásico.

<https://youtu.be/GOejxxDC130>

Durante todo o proceso de investigación reflectimos o aprendido e traballado nun **libro individual do alumnado**, no que a través dos protagonistas da nosa curta e realizando diversas tarefas fomos recompilando a información relevante xurdida no noso proxecto, ao tempo que incluimos o traballo específico dos contidos que dentro da nosa programación de aula tiñamos encadrados no segundo trimestre do curso escolar. Este libro foi levado a casa á finalización do proxecto constituído un estupendo feedback de todo o aprendido e traballado. Poden acceder aos materiais creados na seguinte ligazón:

<https://drive.google.com/file/d/1gy9bxWwRMEXCtHE96C0i-g5PfoAo0hgS/view?usp=sharing>

Así mesmo elaboramos este mesmo **material adaptado** a un alumno que presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo e que conta con Adaptación curricular. O material adaptado atópase pendurado na seguinte ligazón:

<https://drive.google.com/open?id=1l4nIEzBh3OI2kljU5oIr3RyPMQSI1agu>

e) Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado

Investigación na biblioteca escolar: visitamos co alumnado a biblioteca escolar para descubrir o recanto dedicado aos dereitos humanos onde se recompila material bibliográfico sobre o tema. Logo de observar os libros e contos que alí había clasificámoslos por temática, contos que falan de educación, de sanidade, de familias, de vivendas, de igualdade, de traballo, de lecer. A partir desta clasificación chegamos á escolla de 7 dereitos fundamentais nos que centramos a nosa investigación.

Reflexión en asemblea: en gran grupo fixemos un listado cos 7 dereitos fundamentais e realizamos unha avaliación inicial preguntando aos nenos e nenas que sabían sobre eses dereitos, recollimos as súas ideas previas e elaboramos unha carta para as familias pedíndolles axuda para coñecer máis cousas sobre os 7 dereitos que escollemos: educación, sanidade, familia, vivenda, tempo de lecer, traballo e igualdade.

Ampliación de coñecementos: das casas do alumnado chegou gran variedade e cantidade de material que fomos analizando e clasificando atendendo ao dereito ao que facía referencia, así mesmo recibimos na escola visitas das familias, nestas visitas descubrimos distintos tipos de traballos, distintos tipos de vivendas, tipoloxías de familias, distintas culturas e realidades. Todo dende unha realidade próxima e significativa que nos permitiu comprobar en primeira persona que non existen traballos de homes ou de mulleres, que existen distintos tipos de familias e que ao redor do mundo

existen nenos e nenas que viven en condicións moi distintas ás nosas. Achegamos como material anexo fotografías destas visitas por parte das familias do alumnado.

Creación do conto: Decidimos recompilar toda a información que xa coñeciamos sobre os dereitos humanos nun conto que pudiera axudar a todos e a todas a entender o concepto de dereitos fundamentais. Durante varias xornadas, en gran grupo, creamos a historia. Este proceso de creación serviunos para comprobar todo o aprendido na fase de investigación xa que, no noso conto son os propios nenos e nenas os que explican cada un dos dereitos fundamentais.

Deseño do traballo audiovisual: unha vez rematado o conto e moi contentas e contentos polo resultado acadado; decidimos transformalo nunha curtametraxe. Durante varias xornadas traballamos no proceso de adaptar á linguaxe audiovisual a nosa historia. Escollemos personaxes, fondos, escenarios e deseñamos a animación.

Gravación das voces mediante doblaxe, coa animación creada prestámoslle as nosas voces aos personaxes da historia descubriendo así a técnica da doblaxe. Mentres visualizábamos as imaxes animadas na PDI fomos gravando por quendas as nosas voces narrando a historia.



Realización de modo individual das **tarefas** precisas para cumprimentar o seu **libro** sobre **os dereitos humanos**

f) Recursos utilizados así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación

Recursos utilizados: tablet, ordenador, pdi, programa de gravación e edición de audio, programa de animación, material funxible

Fondo bibliográficos da Biblioteca escolar

Materiais aportados polas familias do alumnado, contos, xogos, información documental...

Fontes consultadas:

<http://maspaz.org/publicaciones/nuestros-derechos-en-juego-para-educacion-infantil/>

<https://blog.oxfamintermon.org/14-libros-infantiles-sobre-los-derechos-humanos-que-debes-leer/>

<http://www.contosolidarios.org/contos.htm>

g) Implicación da comunidade educativa

Durante o noso proxecto contamos co apoio de toda a comunidade educativa que colaborou no desenvolvemento das distintas fases. Contamos co apoio e asesoramento do equipo de biblioteca así coma do resto do profesorado. Mención especial merece a implicación das familias do alumnado que participaron de forma activa no desenvolvemento deste proxecto, aportando información e materiais durante o proceso de investigación así coma visitando a escola para falarnos das súas experiencias e coñecementos sobre os dereitos humanos; feito que enriqueceu enormemente o

proxecto realizado e contribuíu notablemente á

consecución do obxectivo xeral desde traballo:

Achegarse ao coñecemento dos dereitos humanos

vivenciando a súa importancia e presenza nas nosas vidas.



h) Difusión dos traballos entre a comunidade educativa

Os materiais e traballos xerados a partir do noso proxecto foron difundidos á comunidade educativa a través dos distintos blogues escolares do centro

Blog de nivel “Trasnos a Pedra”:

<http://trasnosapedra.blogspot.com/2019/02/estrea-da-peli-papirus-e-os-sete.html>

Blog da Biblioteca escolar “Bibliocastelo a Pedra”:

<http://bibliocasteloapedra.blogspot.com/>

Blog do equipo de Dinamización Lingüística:

<http://enredemosapedra.blogspot.com/2019/04/papirus-e-os-sete-trasninios.html>

Así mesmo o alumnado elaborou o libro “Papirus e os sete trasniños” onde recompliamos todo o aprendido. Como xa indicamos este material foi enviado ás casa do alumnado ao finalizar o proxecto.

i) Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias claves do currículo. Procedementos empregados

A avaliación do proxecto “Papirus e os sete trasniños” tivo un carácter contínuo (inicial, procesual e sumativo ou final), ademais de formativo; estendeuse ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe. Esta avaliación serviunos para obter información acerca do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe ao tempo que nos aportou información sobre as necesidades do alumnado e os aspectos susceptibles de mellora, permitíndonos realizar os axustes precisos ao longo do proceso para conseguir un aprendizaxe efectivo ao longo do proxecto.

Avaliación do alumnado: partimos dunha avaliación inicial ao comezo do proxecto coa que descubrimos as súas ideas previas, os seus intereses e motivacións. A información recollida nesta avaliación inicial permitiunos deseñar unha proposta adaptada ao noso

alumnado. Durante o desenvolvemento do proxecto realizamos unha avaliación continua formativa e no fin do proceso tivo lugar a avaliación final na que valoramos o grao de consecución dos obxectivos marcados.

Avaliación do proceso: ao longo do desenvolvemento do proxecto comprobamos a adecuación de tempos, espazos, materiais, agrupamentos, relacións, recursos... e realizamos os axustes necesarios, esta avaliación permitiunos mellorar o proceso de ensino aprendizaxe e a nosa labor docente

Técnicas, instrumentos e procedementos de avaliación utilizados:

- ✓ A observación de comportamentos, tanto individuais coma colectivos e tanto entre iguais coma cos adultos.
- ✓ Observación directa de actitudes, destrezas e procedementos
- ✓ Rexistro anecdótico persoal.
- ✓ Diario de aula
- ✓ Escala de observación
- ✓ Producións propias do alumnado
- ✓ Resolución de actividades, investigacións, experimentación.
- ✓ Diálogos e cuestionarios orais.
- ✓ Análise de expresións plásticas, dramáticas, musicais, orais, escritas.
- ✓ Rexistro de avaliación final onde reflectimos o grado de consecución acadado polo alumnado en referencia aos criterios e avaliación, indicadores específicos e ás competencias básicas reseñados no inicio desta memoria. Para este rexistro establecemos tres grados de consecución *Sen dificultade, En proceso e Con dificultade.*

j) Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso

A biblioteca escolar estivo moi presente en todos os momentos de desenvolvemento do noso proxecto. O tema obxecto do proxecto de investigación, partiu da nosa biblioteca escolar, así mesmo foi neste espazo onde comezaron as nosas pescudas sobre os dereitos humanos, acudindo ás súas fontes e materiais ao longo do proxecto cando precisamos profundizar en algún dos aspectos traballados. Así mesmo foi fonte de materiais e recursos tecnolóxicos para poder materializar a nosa curtametraxe.

Alén disto o protagonista da curtametraxe creada é o polbo Papyrus, mascota da nosa biblioteca escolar.

Por todo isto podemos concluir que a nosa biblioteca escolar foi fonte de recursos, materiais e información ao tempo que foi espazo de creación, e disfrute.